

## **AXUDAS para a entrega de alimentos a familias en situación de vulnerabilidade e con menores a cargo**

O Concello de Camariñas abre o prazo para a presentación de solicitudes dirixidas a participar no programa de entrega de alimentos a familias en situación de vulnerabilidade e con menores a cargo.

### **Requisitos:**

- Ser maior de idade e ter menores a cargo
- Estar empadroada/o e ter residencia efectiva no concello de Camariñas.
- Que a unidade de convivencia teña ingresos insuficientes de acordo ao seguinte:

Membros	Contías totais
2	592,41
3	672,29
4	738,85
5	805,41
6	871,98
7	898,60

En todo caso, non se poderán conceder estas axudas cando calquera membro da unidade de convivencia dispoña de **bens patrimoniais** dos que se deduza a existencia de medios materiais suficientes. Teranse en conta para iso as características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación dos bens mobles ou inmobles de que dispoña a unidade de convivencia da cordo ao seguintes:

- Cantidades líquidas ou títulos/valores superiores a 2.130 €
- Outros bens, excluída a vivenda habitual cun valor superior a 6.390,13 €

### **Documentación** que deben presentar xunto coa solicitude:

- Fotocopia do DNI do solicitante.
- Volante de empadroamento colectivo
- Xustificante dos ingresos do ano 2014 e primeiro semestre do 2015
- Movemento das contas bancarias do último semestre e saldo actual.
- Xustificante de gastos fixos: recibo do aluguer da vivenda.

### **O prazo remata o vindeiro día 17 de xullo de 2015**

Para máis información poden dirixirse ao departamento de Servizos Sociais, situado na casa de pedra. Lembrámoslles que deben pedir a cita previa persoalmente ou chamando ó teléfono núm. **981 73 70 04**.

Camariñas, 2 de xullo de 2015  
**A concelleira de servizos sociais,**

Sandra Rial Insua